

PROXECTO FORMATIVO

Aplicación da tecnoloxía web 2.0. na promoción turística do
sector hoteleiro



Proxecto Cofinanciado:



MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO

Este documento está publicado baixo unha licenza Creative Commons na súa variante Reconecemento – Compartir Igual (by-sa), polo que permítese o uso comercial da obra e das posibles obras derivadas, a distribución das cales se debe facer cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.



Usted es libre de:



Compartir - copiar, distribuir, ejecutar y comunicar públicamente la obra



hacer obras derivadas



Bajo las condiciones siguientes:



Atribución — Debe reconocer los créditos de la obra de la manera especificada por el autor o el licenciante (pero no de una manera que sugiera que tiene su apoyo o que apoyan el uso que hace de su obra).



Compartir bajo la Misma Licencia — Si altera o transforma esta obra, o genera una obra derivada, sólo puede distribuir la obra generada bajo una licencia idéntica a ésta.

Entendiendo que:

Renuncia — Alguna de estas condiciones puede **no aplicarse** si se obtiene el permiso del titular de los derechos de autor

Dominio Público — Cuando la obra o alguno de sus elementos se halle en el **dominio público** según la ley vigente aplicable, esta situación no quedará afectada por la licencia.

Otros derechos — Los derechos siguientes no quedan afectados por la licencia de ninguna manera:

- Los derechos derivados de **usos legítimos** u otras limitaciones reconocidas por ley no se ven afectados por lo anterior.
- Los derechos **morales** del autor;
- Derechos que pueden ostentar otras personas sobre la propia obra o su uso, como por ejemplo **derechos de imagen** o de privacidad.

Aviso — Al reutilizar o distribuir la obra, tiene que dejar muy en claro los términos de la licencia de esta obra. La mejor forma de hacerlo es enlazar a esta página.

Índice

A) INTRODUCCIÓN.....	4
B) DESCRICIÓN DO PROXECTO.....	5
B.1 Temario dos cursos.....	6
C) OBXECTIVOS DO PROXECTO.....	7
D) INTERESE E OPORTUNIDADE DO PROXECTO.....	8

A) INTRODUCCIÓN

A web 2.0 fai referencia a unha nova xeración de webs baseadas na creación de portais onde os contidos son compartidos e producidos polos propios usuarios do portal. A infraestrutura da Web 2.0 está relacionada con novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) que permiten publicar información, e compartila con outros sitios web, dun modo doado, áxil e gratuito.

No ámbito empresarial, o emprego das ferramentas web 2.0. ofrece numerosas vantaxes que deben ser aproveitadas:

- O software que empregan é legal, polo que non hai que preocuparse por temas de licenza.
- Son accesibles e están dispoñibles desde calquera lugar.
- Funcionan independentemente do sistema operativo que se empregue.
- O servizo encárgase das actualizacións do software polo que se mantén constantemente actualizado.
- Menor requirimento de hardware xa que só se necesita poder utilizar un navegador para acceder a Internet.
- Son altamente colaborativas, permitindo que varias persoas traballen á vez e desde diferentes lugares do mundo.
- Proporcionan un acceso rápido e gratuito á información.
- Aportan un elevado grao de interactividade entre usuarios.
- Incrementan a velocidade e eficacia dos fluxos de comunicación e información.
- Ofrecen a posibilidade de chegar a segmentos concretos ou xerais do mercado.
- Permiten a monitorización continua do impacto das estratexias empregadas.
- Facilitan a constante actualización dos contidos e a universalización dos mesmos.
- Promoven a participación dos clientes do negocio na promoción e comercialización do mesmo.

Estas características fan que estas ferramentas posúan unha elevada efectividade na comunicación e promoción, e teñan gran aplicabilidade no óptimo desenvolvemento de sectores nos que a publicidade e a difusión resultan esenciais, como é o sector hoteleiro.

Por elo, resultou oportuno levar a cabo actuacións formativas específicas, como as recollidas neste proxecto, que permitan incrementar o coñecemento dos membros deste sector sobre as oportunidades que, para os seus negocios e para eles mesmos, ofrece a web 2.0.

B) DESCRICIÓN DO PROXECTO

O fundamento do proxecto “**Aplicación da tecnoloxía web 2.0 na promoción turística do sector hoteleiro**” foi a realización de diferentes cursos de formación TIC focalizados en dar a coñecer as numerosas oportunidades que ofrece a web 2.0 como ferramenta de promoción turística, dentro do sector Hoteleiro de Pontevedra.

A formación iba dirixida a Xerentes, Directores Comerciais e Responsables de Sistemas dos Hoteles asociados a FEPROHOS, buscando dotar aos profesionais do sector de novos coñecementos e utilidades que puideran ser oportunamente aproveitadas en beneficio dos seus negocios hoteleiros.

Os cursos foron deseñados atendendo as necesidades prioritarias dos destinatarios neste terreo e tratando de maximizar o seu aproveitamento. De feito, todos os contidos foron seleccionados para acadar unha elevada aplicabilidade e garantir o óptimo rendemento dos coñecementos a adquirir.

Tendo en conta a diversidade de intereses dos potenciais destinatarios, e coa finalidade de que a formación resulte o máis efectiva e pragmática posible, establecéronse 5 módulos formativos. Ditos módulos son totalmente independentes entre si e diferenciáronse tanto na temática como na duración, aínda que todos estaban orientados ao emprego de aplicacións web 2.0. para a mellora da promoción e comercialización dos hoteles integrados en FEPROHOS.

Os módulos nos que se estruturaron as accións formativas foron:

- Módulo 1. Promoción turística a través das Redes sociais.
- Módulo 2. Promoción turística con fotos e vídeos.
- Módulo 3. Promoción turística a través de Blogging e videoblogging.
- Módulo 4. RSS+, Podcasting.
- Módulo 5. Xeoreferenciación e xeolocalización.

Cada un destes módulos foi impartido nas cidades de Vigo e Sanxenxo (Pontevedra) por un formador capacitado para a labor e que dispuña de ampla experiencia no sector da hostalería. Na seguinte táboa móstrase un resumo da organización dos cursos celebrados:

Acción Formativa	Nº cursos Vigo	Nº cursos Pontevedra	Duración (horas)	Nº días / curso
<i>Módulo 1. Promoción turística a través das Redes sociais.</i>	1	1	8	2
<i>Módulo 2. Promoción turística con fotos e vídeos.</i>	1	1	4	1
<i>Módulo 3. Promoción turística a través de Blogging e videoblogging.</i>	1	1	8	2
<i>Módulo 4. RSS+, Podcasting.</i>	1	1	2	1
<i>Módulo 5. Xeoreferenciación e xeolocalización.</i>	1	1	2	1

Mediante unha formación presencial e eminentemente práctica potenciouse o uso da tecnoloxía web 2.0 e familiarizouse a este colectivo co manexo de sistemas de promoción e difusión de información accesibles mediante redes virtuais.

B.1 Temario dos cursos

Neste apartado detállanse os contidos tratados en cada un dos módulos nos que se dividiu a formación TIC entre os responsables de hoteis adheridos a FEPROHOS:

- **Módulo 1. Promoción turística a través de Redes sociais (8 horas)**
 - Facebook e o uso de Facebook para promoción turística (2 horas)
 - Twitter e o uso de Twitter para promoción turística (2 horas)
 - Taller práctico de Facebook e Twitter (4 horas)

- **Módulo 2. Promoción turística con fotos e vídeos (4 horas)**
 - Promoción turística con YouTube (1 horas)
 - Promoción turística con Flickr (1 horas)
 - Taller práctico de Youtube y Flickr (2 horas)

- **Módulo 3. Promoción turística a través de Blogging e videoblogging (8 horas)**
 - Promoción turística con blogging (2 horas)
 - Promoción turística con videoblogging (2 horas)
 - Taller práctico de blogging e videoblogging (4 horas)

- **Módulo 4. RSS+, Podcasting (2 horas)**

- **Módulo 5. Xeorreferenciación. Xeolocalización (2 horas)**
 - GoogleMaps (1 hora)
 - Google Earth & Panoramio (1 hora)

C) OBXECTIVOS DO PROXECTO

Os obxectivos finais acadados tras as actuacións desenvolvidas foron:

- Achegar ao sector hoteleiro da provincia de Pontevedra a tendencias web innovadoras, como a tecnoloxía 2.0., promover o seu emprego como canal de negocio e mellorar a súa presenza en Internet.
- Promover a adopción de novas estratexias comerciais, baseadas na web 2.0., que facilitan o contacto e intercambio de información co cliente, e que favorecen a súa participación directa na promoción e difusión dos establecementos hoteleiros adheridos a FEPROHOS.
- Fomentar o emprego das novas TIC, e o aproveitamento das súas vantaxes e utilidades, e promover a incorporación á Sociedade da Información do sector hoteleiro da provincia de Pontevedra, membro de FEPROHOS en particular, e da sociedade galega, en xeral.

D) INTERESE E OPORTUNIDADE DO PROXECTO

A Federación de Empresarios de Hostalaría de Pontevedra, FEPROHOS, considera que a execución do proxecto exposto ofrece numerosas vantaxes e resultará altamente beneficiosa, de cara ao desenvolvemento e á sustentabilidade futura do sector hoteleiro.

A importancia socioeconómica dun sector como o hoteleiro, e a dependencia que del teñen numerosas familias galegas, fan que as actuacións levadas a cabo poidan encadrarse como de gran interese xa que contribúen a evitar o illamento dixital e incrementan a presenza nas redes dixitais dos profesionais da hostalaría.

A adquisición de coñecementos e habilidades, que aporta o proxecto exposto, no manexo e aplicación rendible das utilidades que ofrecen estas ferramentas favorece o seu aproveitamento óptimo, e permite aos responsables dos hoteis membros de FEPROHOS empregalas estratexicamente para dar a coñecer e promocionar os seus establecementos e servizos. As melloras esperadas no funcionamento deste sector e o fomento do emprego das TIC entre este colectivo son algúns dos factores que levan a clasificar o proxecto como de elevado interese e que fan esperar unha inmediata e importante repercusión positiva.

Por todo elo, pode afirmarse que o proxecto formativo proposto por FEPROHOS xurdiu nun momento moi oportuno.